

É un matrimonio, un mozo e foi ás mozas alá a unha parroquia. E con esa moza, falaba outro da parroquia e un era de fóra e outro da parroquia, pero a ela ghustoulle máis o da parroquia e foise co da parroquia ou co de fóra, ghustoulle máis o de fóra. E entonces o da parroquia díxolle:

- Oes, nena, eu xa sei que non podes ser pa min, pero como che quero ben, así é todo, non quero que vaías a pasar alí os traballos que poidan sucederche, que non che falan coma aquí.

E entonces díxolle ela:

- E logho?

Díxolle:

- Pois mira, teñen outra maneira de falare e despois xa te irás enterando, seghún vas te acostumbrando con eles. Pero o primeiro día alo menos colles alghunhas palabras, que che han facer falta.

E entonces, díxolle ela:

- Pois dimas!

- Mira, alí ó cura, chámanlle “señor abade”, á que vai ser túa soghra chámanlle “señora Peringuela”, á sartén chámanlle “falsa, perra, puta madre que la parió”, á fuente que poñen na mesa chámanlle “o cu”, ó brazo chámanlle outro nome parecido, (pódese dicir?) chámanlle “o carallo”, á cama “inferno”, ás mantas “demos”, á ghrasa (esa que está fritindo eso) chámanlle “merda”, aos ovos “peidos”.

Ela enghanchou todo ben enghanchado. Fixeron a voda, e claro, marcharon pa casa del, ela marchou pa casa do fulano, como era de outra parroquia. E conforme chegou viu á soghra... saludouna:

- Qué hai, señora Peringuela?

A pobre estaba comendo na mesa, ela non comía, tiña verghonza. Entonces, a soghra díxolle:

- Come muller come, non teñas verghonza.

E entonces ela, como...satisfeita, dixo:

- Deixe señora Peringuela deixe, que teño o carallo tan largho que ben me chegha ao cu.

E entonces, a soghra caeu desmaiada logicamente, semeghantes palabras.

-Ai Dios mio! Ai Jesús!, hai que poñer a falsa, perra, puta madre que la parió ao lume, botarlle unha pouca merda dos peidos e agharrala señora Peringuela e levala pa o inferno e cantos demos haxa mandarillos encima.